



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE PAIS, PAIS OU TITORES/AS LEGAIS DO
ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR

CIRCULAR INFORMATIVA

De acordo coa Convocatoria do día 28 de outubro, o próximo día **19, martes**, en horario de 9:15 a 16:15 horas, celébrase neste centro a votación para a elección de representantes dos pais, nais ou titores/as legais do alumnado no Consello Escolar do colexio. Para participar na referida votación, tal como se sinalaba na citada Convocatoria, procederáse da seguinte forma:

1º.- Quen pode votar.

Teñen dereito a votar todos os pais, nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no centro que figure no Censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral e tras a súa exposición pública regulamentaria. Tal dereito corresponde indistintamente ao pai e á nai, podendo votar ambos os dous.

2º.- Modo de emitir o voto.

- a) O voto será directo, secreto e non delegable.
- b) Os modelos de papeletas serán, obrigatoriamente, os previamente fixados pola Xunta Electoral do Centro, dos que haberá cantidade suficiente no local de votación.
- c) Nas referidas papeletas figurarán os nomes dos/as candidatos/as, por orde alfabético de apelidos, e cada elector deberá marcar cunha cruz un máximo de **1 nome** das candidatas ou candidatos relacionados/as, debendo acreditar a súa personalidade, no momento de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar.
- d) Finalizada a votación procederáse ao acto do escrutinio dos votos, que será público e, unha vez realizado, levantarase a correspondente acta.

A dirección deste Colexio anima a todos os pais, nais e titores/as legais do alumnado a que participen na votación do martes 19, como unha forma máis de colaboración na organización do Centro, a fin de conseguir a máxima representatividade posible de pais, nais e titores/as legais no Consello Escolar.

A Valenzá, 07 de novembro de 2024

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,



Asdo.: Patricia Piñeiro Losada



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP FILOMENA DATO
Rúa do Ensino, 4.A Valenzá-Barbadás
ceip.filomena.dato@edu.xunta.gal

PROCLAMACIÓN DE CANDIDATURAS AO CONSELLO ESCOLAR 2024

Na reunión que tivo a Xunta Electoral do CEIP Filomena Dato, o día 06 de novembro de 2024, proclamáronse as candidaturas ao sector pais/nais/titores-as legais, quedando como segue :

PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS

Mirian Álvarez Domínguez

Neftali Conde Novoa

Janet Neira Rodríguez

A Valenzá, 06 de novembro de 2024

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL



Asdo.: Patricia Piñeiro Losada